

Bloque

Barro

Nº 12 # 2º etapa # Xuño de 2010



impresso postal sen enderezo

A Xunta obriga a retirar recheos que o Concello fixo en Barosa

A Xunta de Galiza acaba de elaborar un proxecto de mellora do entorno de Barosa no que ven darlle a razón ao BNG en varias das propostas que nós faciamos para actuar nese espazo.

Neste novo proxecto elimínase o gran recheo previsto polo goberno municipal, e que o BNG sempre considerou unha barbaridade. Retíranse os recheos das zonas máis cercanas ao río, sobre todo os primeiros que se fixeron a carón da N-550, e que tapaban os aliviadeiros da auga debaixo da estrada nacional, e no resto só se permite unha altura dun metro ou metro e medio, cando antes se pretendía elevar entre tres e cinco metros segundo as zonas, como se pode ver na actualidade cos recheos feitos a carón da pista, e que agora terán que ser retirados.

Outro dos aspectos nos que ven darlle a razón ao BNG é na ubicación do aparcamento, xa que antes estaba previsto realizalo a carón da illa, e agora trasládase á entrada do parque, tal e como nós propoñiamos, deixando un aparcamento moito máis pequeno na zona anterior.



Recheos feitos en Barosa no seu día que agora se terán que retirar



Recheos que hai que retirar segundo o novo proxecto

No BNG sentímonos satisfeitos de que grazas ao noso traballo e ao doutras entidades e veciños que presentaron alegacións ao proxecto anterior teñamos impedido a gran barbaridade que se pretendía realizar nun espazo tan sensíbel e con tanto valor etnográfico e medioambiental.

De todos os xeitos, aínda considerando moi positivos os cambios realizados, segue habendo un apartado que o BNG non pode apoiar: a pretensión de construír unha ponte de formigón e abrir un novo vial de case 9 metros de ancho, e que chega até os 10 metros de altura con grandes terrapléns. É unha agresión brutal no medio do parque, e costa máis de 200.000 euros, case a metade do que vale o proxecto enteiro. Este gasto de 200.000 euros no momento de crise que vivimos é un gran destrago económico. Estes cartos estarían moito mellor inves-

tidos en obras que creen riqueza no noso concello. Ademais, a ponte é ilegal, por non estar recollida no Plan de Urbanismo e, a maiores, non ten saída a outro vial.

Desde o BNG faremos todo o posíbel para que se suprima esa ponte e se cambie por outra moito menos agresiva e integrada dentro do que é o parque.

A Xunta desbota o proxecto do goberno municipal do PP e recolle alegacións presentadas polo BNG

O BNG apoia ao colectivo de afectados polo AVE Ourense-Vigo

O trazado que escolleu o Ministerio de Fomento para conectar o AVE Ourense-Vigo co eixo atlántico supón unha grande agresión tanto social como económica, e sobre o patrimonio ao seu paso polo noso concello.

A construción de dúas vías paralelas, separadas nalgún punto arredor de 600 metros, deixa un grande impacto sobre unha zona do noso concello moi poboada, polo que son moitas as persoas e empresas afectadas, así como sobre varios elementos do noso patrimonio.

Xa no inverno de 2007, cando saíu a exposición pública o proxecto, o BNG organizou un acto público para informar do mesmo aos veciños e veciñas de Barro e, ao mesmo tempo, presentou alegacións a dito proxecto.

Unha vez que o Ministerio de Fo-



imaxe da asemblea convocada polo BNG cando se coñeceu o proxecto en 2007

mento seguiu dando pasos para a construción desta obra, todos os afectados fan ben en organizarse e facer todo o posíbel para intentar evitar a grande afección que suporía

o trazado do AVE, tal e como está previsto. O BNG vai apoiar tanto as mobilizacións como as demais iniciativas que leve a cabo a Plataforma de Afectados nese sentido.

A deputada do BNG, Olaia Fernández reuniuse con representantes da Plataforma de Afectados polo AVE



Reunión celebrada entre representantes do BNG e da Plataforma

A Deputada do BNG, Olaia Fernández Davila, despois de entrevistarse coa Plataforma de Afectados, presentou unha iniciativa no Congreso para que o Ministerio de Fomento teña que xustificar por que se escolleu ese trazado e non outro menos perxudicial e agresivo e, ao mesmo tempo, solicitou que se teñan en conta as alegacións presentadas no seu día, cando o proxecto estivo a exposición pública.

A deputada do BNG, Olaia Fernández presentou unha iniciativa no Congreso para a modificación do trazado



Homenaxe a Xosé Bermúdez


O pasado 13 de marzo celebrouse na Biblioteca Pública un acto en lembranza do noso compañeiro Xosé Bermúdez, finado o pasado ano.

A grande asistencia de veciños e veciñas de Barro testemuña a grande pegada que deixou o noso compañeiro Xosé en todas as facetas nas que participou socialmente, tanto culturais, como económicas e políticas.

O PP rexeita ampliar o recinto do colexio público

En xaneiro de 2009 o Concello aprobou unha iniciativa do BNG para mellorar o colexio e ampliar o seu recinto escolar. Nin unha cousa nin outra se fixo, demostrando o nulo interese do PP na educación pública.

O PP, que é o único responsábel de non ter reservado solo suficiente para a ampliación do recinto escolar cando elaborou e aprobou o plan de urbanismo municipal, ven de rexeitar agora adotar as medidas necesarias para corrixir este problema e posibilitar que os nosos nenos e nenas conten cun espazo digno para realizar as súas actividades de esparcemento.



A parcelaria un ano paralizada

Resulta inexplicable o retraso no remate e adecentamento das fincas da parcelaria de Agudelo, Barro e Valiñas, unha vez que a Xunta anterior deixou adxudicadas as obras, que xa comezaran antes do cambio de goberno, e con orzamento suficiente para que se realizasen todas aquelas obras pedidas polos propietarios para que as súas parcelas quedasen preparadas para o seu cultivo.



concelleiros do BNG nunha rolda de prensa

A recualificación de Avícola: un proceso envenenado

Cando un plan de urbanismo se tenta modificar aos poucos anos de aprobado é porque se fixo mal cando se elaborou. Iso pasa co intento de recualificar os terreos da Avícola no San Antoniño. Non sabemos por qué o PP deixou daquela esa parcela como terreo industrial para aos poucos anos tentar recualificala.

Desde o ano 1996 xa se aprobou tres veces no Concello esa modificación do planeamento e até agora todas as resolucións da Xunta foron negativas. A última en febreiro do 2010, onde a consellería de Urbanismo da **Xunta do PP denega esa recualificación en base a dous aspectos fundamentais:**

Unha, que Barro non ten servizos suficientes nin de abastecemento de auga nin de saneamento para un aumento tan grande de vivenda.

E dúas, que non é necesaria máis vivenda da que xa aparece recollida no plan tal como está, pois Barro case non medra en poboación desde fai anos, e en todo caso aínda queda moito terreo por desenvolver e construír.

Ademáis di o informe da Xunta que a entrada en funcionamento do polígono industrial non ten por qué significar un aumento de demanda de vivenda no concello de Barro.

O que lle preocupa ao BNG é que nesta modificación do planeamento ademais da recalificación da avícola, estaba igualar as alturas que se permiten en todos os soares pola beira da N-550 que por outra chapuza do PP á hora de elaborar o PXOM non quedaron alineadas, o que consideramos unha medida necesaria e positiva.

O BNG sempre pediu que se tramitasen de forma independente os terreos da avícola dos do resto dos veciños. Ao non facerse así, estes veciños saen perxudicados ao paralizarse a modificación por todos os problemas que supón a recualificación da Avícola.

A Xunta bota por terra as pretensións de Landín de recualificar os terreos da Avícola

A solución que se lle quere dar por parte do PP á falla de auga e saneamento é un engano. A auga pretenden xustificala co abastecemento que van facer ao polígono industrial desde Briallos. E no verán, como a xente sabe, ali non vai haber auga para o polígono, polo tanto tampouco a haberá para os veciños e veciñas.

A falla de saneamento pretenden solucionalo cun compromiso de reservar diñeiro no 2011 e 2012 para a ampliación da depuradora. Iso é unha trampa, pois o PP non sabe se neses anos vai haber diñeiro para tal fin, sobre todo tendo en conta o estado das finanzas do Concello. En todo caso se houbese estes cartos sería prioritario investilos en darlle o servizo de saneamento, do que carecen, aos veciños e veciñas de Barro, e non empregalos en conseguir unha recualificación que neste momento non precisa para nada o noso concello.

Guillermo chama a rebelarse contra a ditadura dos mercados e as políticas de dereitas dos gobernos Zapatero e Feijóo



Para o líder do BNG, “a economía ten que estar ao servizo da xente e non ao servizo dos especuladores e das grandes fortunas”. Guillermo Vázquez chama a rebelarse contra a ditadura dos mercados e as políticas de dereitas dos gobernos Zapatero e Feijóo.

O portavoz nacional do BNG, Guillermo Vázquez, sinalou que “as saídas que se lle pretenden dar a esta crise están dirixidas a recortar os dereitos salariais e sociais, sen que se poña ningunha medida para corrixir as causas desta crise: a especulación financeira a nivel internacional”.

O déficit público no Estado non é consecuencia do gasto social, menor cá media dos Estados máis desenvolvidos da UE, senón da aplicación das políticas neoliberais e dos regaños fiscais ás clases privilexiadas.

“Estamos nunha situación tan preocupante que definimos como un au-

téntico golpe de Estado do capital financeiro especulativo contra as democracias, contra as maiorías sociais e, polo tanto, a imposición directa do que xa se chama ditadura dos mercados”, destacou.

A política de dereita de Zapatero no plano fiscal, como a eliminación do imposto de patrimonio e a rebaixa do tipo máximo do IRPF, combinada coa inxusta suba do IVE, desarmou fiscalmente o Estado e o acabou colocando en mans dos prestamistas privados internacionais, os chamados mercados.

A redución dos salarios dos funcionarios, a conxelación das pensións, a eliminación de dereitos dos dependentes e os retallos no investimento en infraestruturas teñen como obxectivo que o Estado aforre no gasto social para poder pagar os empréstitos á banca europea e os fondos de capital risco norteamericano.

O axuste será brutal para Galiza

Son medidas letais para Galiza, porque no noso País temos salarios e pensións máis baixas e polo noso atraso histórico en infraestruturas. Case 20 anos despois da inauguración do AVE Madrid-Sevilla, o Estado español aínda non rematou a conexión de Galiza coa Meseta nin o Eixo Atlántico.

Diante deste panorama, “o BNG trata de difundir a súa alternativa, unha posibilidade distinta de saída á crise económica e, polo tanto, é necesario para iso a rebelión social”, dixo Guillermo Vázquez. “Hai que rebelarse ante unhas medidas que nos retrotraen a principios do século pasado se se lles deixa seguir para adiante”, indicou.

Hai alternativa: construímos a esperanza

É posíbel unha saída xusta á crise, cando a economía produtiva se impoña á especulativa, cando unha reforma fiscal progresista grave a economía do pelotazo e as grandes fortunas, cando mude a fondo o sistema financeiro, para que a banca volva dar créditos a particulares e empresas.

Construír a esperanza é traballar por políticas nacionalistas e progresistas, fronte ao proxecto neoliberal que defenden os gobernos Feijóo e Zapatero.

Mentres o BNG defende os intereses da inmensa maioría da xente, PP e PSOE traballan para que unha minoría manteña os seus privilexios. Estamos certos de que o pobo galego tomará nota e actuará en consecuencia.

**Descarga o folleto
“Unha saída xusta á
crise é posíbel”**

en:

www.bng-galiza.org

Como contactar co BNG de Barro:

Teléf. 620 262 802

bngbarro@gmail.com

